

Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

xullo 3/2009

Asemblea de socios



Sábado 9 de maio celebrouse a asemblea anual de Socios do Museo. Este ano correspondía renovar a metade dos representantes dos Socios no Padroado. Resultaron reelixidos tres dos representantes que cesaban: Xosé Carlos Beiró Piñeiro, Xoán Ramón Marín Martínez e Manuel Vilar Álvarez, e renováronse dúas vogalías, que pasan a ocupar José María Laredo Cordoní e mais o Concello de Narón. Como representantes na Xunta Reitora foron elixidos Eduardo Otero (representante no Padroado desde 2007) e Manuel Vilar.

En representación dos socios interveu Xoán Ramón Marín, quen expuxo as novas iniciativas



O socio Elisardo Becoña recibe a insignia de prata do Museo de mans do vicepresidente, Luciano García Alén. (Foto Margen)

tendentes a intensificar a participación dos socios na vida do Museo e anunciou a publicación do número 4 da revista *Adra*.

Dos tres socios que este ano cumprían vinte e cinco anos de antigüidade, unicamente Elisardo Becoña puido recoller en persoa a insignia de prata do Museo.

Como colofón da xornada de mañá inaugurouse a exposición fotográfica *Entre Amigos*. Nas súas palabras de presentación, Tino Viz felicítouse por que esta iniciativa teña acadado xa a quinta edición e propuxo que pase a denominarse "Bienal de Fotografía dos Socios e Socias do Museo do Pobo Galego". A presenza do grupo compostelán Os Trincamocos, que reúne un nutrido grupo de amigos en torno á música e o canto, contribuíu a facer o acto máis animado e participativo.

Pola tarde, como contribución do Museo á Feira da Primavera que organizan anualmente os comerciantes do veciño barrio de San Pedro, celebrouse unha charla-taller sobre os maíos, impartida polo patrón Clodio González Pérez.

Asemblea do Padroado

Sábado 30 de maio tivo lugar a asemblea ordinaria do Padroado, baixo a presidencia de Isaac Díaz Pardo e coa asistencia do alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, e do vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia, José M. Baltar Blanco. A sesión comezou coa toma de posesión dos representantes dos Socios.

De acordo cos preceptos estatutarios, aprobouse a liquidación dos orzamentos de 2008 e procedeu á renovación da metade dos cargos da Xunta Reitora, resultando electos os seguintes patróns:

- Secretario, Francisco J. Sanjiao Otero
- Vocal 1º, Manuel Caamaño Suárez
- Vocal 3º, Consellería de Cultura e Turismo
- Vocal 5ª, Mª Concepción Losada Vázquez

En representación da Fundación Barrié de la Maza, membro institucional do Padroado desde o ano 1994, o seu director, Javier López Martínez, recibiu a insignia de prata do Museo.



Isaac Díaz Pardo, presidente do Padroado, entrega ao director da Fundación Barrié de la Maza a insignia de prata do Museo, en recoñecemento por 25 anos de apoio á institución. (Foto Margen)

RECEPCIÓN DA BIBLIOTECA BALTAR

Coincidindo coa celebración da asemblea do Padroado, tivo lugar o acto formal de recepción da Biblioteca Baltar.

O presidente do Padroado, Isaac Díaz Pardo, agradeceu no nome do Museo do Pobo Galego a confianza dos doadores/depositantes nesta institución ao entregaren a chamada a partir de hoxe, definitiva e oficialmente, BIBLIOTECA BALTAR, que cualitativa e cuantitativamente forma parte do acervo histórico e cultural de Galicia, polo que a consideramos como unha importante achega para lograr os obxectivos sociais e culturais do propio Museo. Por parte da familia Baltar interveu Xavier Baltar Tojo.

A Biblioteca Baltar

Hai poucas ocasións na vida das persoas e familias que marquen un fito, un antes e un despois. Un deses casos foi o que se produciu na familia Baltar en Santiago, no Museo do Pobo Galego o sábado 30 de maio de 2009. Tratábase de facer un depósito-doazón dunha importante biblioteca familiar. A biblioteca tiña a súa orixe en Padrón, na casa da Farmacia Baltar, que se mantén no mesmo emprazamento, na Praciña de Baltar, dende a súa fundación. A biblioteca foi iniciada moi posibelmente a finais do S. XVIII polos escribáns (notarios) Lucas Baltar e o seu fillo Francisco Baltar Mariño. Pero moi certamente a principios do S. XIX por José Baltar Varela, fillo de Francisco, que tiña o hábito de poñer o seu nome nos libros. D. José (1787-1863) exerceu como boticario militar na Guerra da Independencia e tivo diferentes destinos en España. Licenciado en Vitoria fundou a Farmacia Baltar en 1816. Viaxou moito e ía mercando libros por onde pasaba. Non tivo fillos e a farmacia pasou a un sobriño, fillo do seu irmán o escribán Juan. O sobriño, Ángel Baltar Varela (1827-1895), foi o primeiro licenciado en Farmacia da Facultade de Santiago. Tivo oito fillos, e algúns estudaban en Madrid, o que o levaba a viaxar con frecuencia e a continuar mercando libros. Foi Alcalde de Padrón e amigo e protector de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Hai constancia escrita do uso por estes da biblioteca familiar. D. Ángel é noso bisavó e pai do noso avó Ángel Baltar Cortés (1868-1934, médico). Unha das irmáns de



noso avó D. Ángel casou con Ramón Tojo Pérez (1860-1944, avogado do Estado). Foi Gobernador Civil, Presidente da Deputación, etc. Militante maurista, introduciu en política ó pai de Castelao e inicia a fonda relación entre as familias Castelao e Baltar. Castelao empeza a súa actividade política defendendo ós mauristas dos gassetistas no *Barbeiro Municipal* (semanario anticaciquil) e tiña de colaborador a Ramón Rey Baltar. Hai moitos elementos para pensar que Castelao tamén disfrutaba da Biblioteca de Padrón, con seguridade a máis importante que existía na comarca. Ramón Tojo, un dos impulsores da Real Academia Galega, non tivo fillos e continuou aumentando a Biblioteca. Morre en 1944 e se plantexa na familia que facer con todos os libros que continuaban na casa da farmacia, reconstruída en 1870. A casa e a Biblioteca pasaran ós oito fillos de D. Ángel, pero por herdanzas, doazóns e vendas entre eles varias partes pasaron a Robustiana (Tana) Baltar Cortés e ó seu marido Ramón Tojo. Morren sen fillos pero tiñan acollido coma fillo un sobriño que quedara orfo de moi novo: Ernesto Baltar Santaló (1900-1977), logo avogado en Pontevedra. A decisión das familias é finalmente que hai prioridade por manter unida a Biblioteca de temática xeral, xa que a xurídica, moi importante, pasa ó avogado Ernesto Baltar Santaló, sucesor do matrimonio Tojo-Baltar. Todas as ramas familiares, xa numerosas, acordan que se faga cargo da Biblioteca xeral noso pai, Ramón Baltar Domínguez (1902-1981, médico) que arredor de 1945 estaba facendo

unha casa na Carreira do Conde, 4, en Santiago, na que vai habilitar unha sala especial para acoller a Biblioteca, xa que o principio desexado por todas as ramas era evitar conflitos e que se mantivera a unidade da mesma e por iso lle facían a doazón. Posteriormente sería trasladada á nova casa en Xeneral Pardiñas, 4, coa mesma filosofía. Ademais das partes que veñen cedidas por Ernesto Baltar Santaló, no que confluían varias ramas (os Rey Baltar e mais Cesáreo e Carmen Baltar Cortés) a través dos seus pais adoptivos, son a destacar as doazóns dos Baltar Abella (Farmacia Baltar de Noia), os Baltar Santaló (Farmacia Baltar de Padrón) e os Baltar Domínguez, irmáns de D. Ramón.

Ramón Baltar Domínguez aumenta os fondos coa súa propia "nova biblioteca", que incrementa notablemente a "biblioteca antiga" e deixa notas con instrucións de que a biblioteca médica, moi numerosa tamén, sexa para os fillos médicos e a "biblioteca non médica" sexa para o resto dos fillos. Deixa moi claro o obxectivo da súa "conservación sen fragmentacións". Morre noso pai, Ramón Baltar Domínguez, en 1981 e a nosa nai, Emma Tojo Sieyro, en 1997. Chega o momento en que decidamos sobre a Biblioteca os irmáns Baltar Tojo. Son varias as opcións posibles pero finalmente a que predomina é a de manter a unidade da "biblioteca antiga" para facer honor á decisión tomada por todas as ramas familiares no ano de 1945, e manter tamén a unidade da "biblioteca nova", a propia do noso pai, tendo en conta as súas notas. Diversas

conversas levan a optar por facer un depósito-doazón ao Museo do Pobo Galego que ten demostrada a súa vocación de manter bibliotecas, que non deixan de encaixar nos seus fins, como modelo de bibliotecas de ilustrados galegos.

Saen da nosa casa algo máis de 650 caixas de mudanza cos que parecer ser que son uns 18.000 libros. O 30 de maio de 2009 é o acto de entrega formal no Museo e son convocadas todas as ramas dos Baltar, basicamente de Padrón, Santiago, Noia, Pontevedra, Bilbao, ... para que teñan noticia e testemuño do que se fai co que eles lle cederon a noso pai a mediados do século XX co encargo de mantelo unido. O acto é presidido polo Presidente do Padroado do Museo, D. Isaac Díaz Pardo, acompañado polo Alcalde de Santiago, D. Xosé A. Sánchez Bugallo e polo Vicepresidente do Parlamento de Galicia, D. José Manuel Baltar, deputado ourensán que aínda non tendo relación familiar coñecida coas nosas ramas de base padronesa é singularmente benvido pola circunstancia de compartir apelido. Asiste tamén o Padroado do Museo e repre-

sentantes doutras institucións, como a Real Academia Galega. A todos eles o noso maior agradecemento. O acto non é público, senón reservado aos familiares Baltar convocados máis ou menos formalmente, que acudiron numerosos, incluso con nenos pequenos. E todos coa conciencia de estar facendo algo transcendente e fermoso, garantir a unidade e preservación dunha biblioteca que sen dúbida ten algo de tesouro familiar. Hai un documento elaborado para esta ocasión, asinado polo Museo e os irmáns Baltar Tojo ou herdeiros, que facemos a aportación documentada: M^a Asunción, Alberto (herdeiros), Javier, M^a Teresa, M^a de los Ángeles, Juan Ramón, Jorge e Jaime. Os médicos, Luís (herdeiros) e Fernando entran na biblioteca médica pero Fernando aportou tamén libros antigos propios, herdados dos seus padriños, nosa tía avoa Elena Sieyro e Fernando Ucha Usón.

Merecen agradecemento especial, xa que traballaron moito e ben, nun proceso máis complexo do que puidera parecer: D. Carlos García Martínez, infatigable soporte, impulsor e Director do Museo. D. Alfonso

Álvarez Gándara, asesor xurídico e membro da familia amiga, a máis extensa e completa da intelectualidade galega (Álvarez Jiménez, Álvarez Limeses, Álvarez Gallego, Álvarez Blázquez, Álvarez Gándara, Álvarez Basso, Álvarez Cáccamo...). D. Ernesto Baltar Feijoo, avogado pontevedrés, noso contador-partidor, asesor xurídico e fillo de Ernesto Baltar Santaló, o que levou o maior peso da cesión de libros a noso pai nos anos de 1940, polo que se sente vencellado co compromiso de manter a unidade da biblioteca, ben demostrado ó reintegrar un incunable que lle regalamos polos desvelos tidos por todo este proceso. E agradecemento á Bibliotecaria Dña. Rosa Méndez e colaboradoras, que fixeron un primoroso traballo de restauración e clasificación.

Todos os Baltar que asistiron, ou quixeran ter asistido, ós actos do 30 de maio de 2009, poden sentirse plenamente satisfeitos do que se fixo, da relevancia do xesto e da xornada vivida. Dous centos anos de libros e familia, ... familia e libros. Un fito.

Javier Baltar Tojo

Xuño 2009

ACTIVIDADES DO MUSEO

EXPOSICIÓNS

■ *Señoras e señores.*

Fotografías de Ricardo Alcalde

Xullo-agosto

Unha serie de retratos de homes e mulleres da Terra de Caldelas, sorprendidos no medio dos seus labores cotiáns, rodeados das árbores, as pedras, as leiras e corredoiras que os viron nacer e os verán morrer. O fotógrafo ponlle rostros e nomes a un mundo que, por razóns demográficas, está no límite da supervivencia.

Ricardo Alcalde, militar salmantino destinado en Figueirido, percorre desde hai anos o país coa súa cámara. En 2004 foi galardoado co primeiro Premio do Exército na modalidade de fotografía; en 2007 gañou a XLVI Medalla Gaudí no certame internacional de fotografía Ciutat de Reus. Alumno do reputado mestre de Marín Xosé Gago, positiva as súas obras, tanto en papel como noutros soportes, seguindo procedementos manuais e preparando el mesmo as emulsións. Neste caso o procedemento é a xelatina ao cloro bromuro de prata.

■ *Paisaxes humanizadas, terras vividas.*

Fotos de Luís Hixinio López Rivas

Xullo-agosto

Luís Hixinio Flores Rivas pretende deixar testemuño da cultura tradicional da paisaxe, unha preocupación que está presente en todo o seu traballo.

O comisario da exposición, o etnólogo José Luís Mingote, salienta que nestas imaxes se poden contemplar múltiples solucións técnicas, que permiten ser conscientes das variadísimas posibilidades existentes á hora de solucionar un problema. Constatar esta diversidade tipolóxica é unha constante na obra de Luís Hixinio e chega con mirar calquera dos apartados desta mostra para decatarse da complexidade de solucións empregadas para resolver quer o paso dun río ou un regato, quer a maneira de pechar unha parcela.



PUBLICACIÓN

Instituto de Estudos das Identidades

Vén de saír do prelo a publicación que recolle os materiais do foro *Turismo e Identidade*, organizado polo Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego, co patrocinio da Dirección xeral de Turismo da Xunta de Galicia. O contido da publicación pódese descargar na páxina web do Museo. Os socios e demais persoas ou entidades interesadas nesta publicación en soporte papel pódena solicitar á administración do Museo, info@museodopobo.com ou chamando ao teléfono 981 583620.


Presentación de ADRA

O 27 de xuño presentouse en Fisterra o número 4 da revista *ADRA*. Con este pretexto, a Oficina dos Socios organizou unha excursión que, partindo do Museo, fixo unha parada en Brandomil, percorreu un breve tramo do Camiño de Fisterra e visitou o Castelo de San Carlos, sede do Museo da Pesca ao que a revista dedica un artigo, asinado por Francisco Manuel López Martínez. Participan tamén neste número José Gonçalves, Virginia de la Cruz, José María Laredo, María Victoria Martínez, Carlos Azcoytia e Mercedes Fernández-Couto, Antonio F. Lizarruri, Ángel Eiroa, Ana Baliñas e Mercedes Rozas. A habitual achega artística, a modo de preámbulo plástico, é unha contribución de Raquel Blanco.

As persoas interesadas na revista pódena solicitar por correo electrónico socios@museodopobo.com ou por teléfono ao 981 583620 (preguntar por Rosa Méndez).

O carro na Galiza

Editado polo Centro de Cultura popular do Limia, coa colaboración do MPG e o apoio do Concello de Lobios e da Consellería de Cultura e Deporte, viu a luz un compendio de textos de Xaquín Lorenzo que recolle todos os artigos editados do autor dedicados ao carro ou a aspectos directamente vencellados co seu uso e aproveitamento. Son sete artigos nos que o carro de bois emerxe como unha referencia, signo do país e imaxe dunha sociedade rural moi transformada que recibe xa a visita da historia e a mirada nostálgica da memoria.



Relixións renovables (Raquel Blanco, 2009; técnica mixta sobre papel de arroz).

PRESENTACIÓN DO ARQUIVO ORAL DA IDENTIDADE

Xoves 25 de xuño presentouse o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade. O APOI xorde como consecuencia da evolución do proxecto "Sons e Voces da Identidade", programa de dixitalización, catalogación, estudo e difusión do patrimonio inmaterial que o Instituto de Estudos das Identidades do MPG pon a andar en abril de 2007.

O proxecto iniciouse co tratamento dunha abondosa "materia prima", consistente nunhas 600 cintas recollidas directamente, ou baixo a súa dirección, por Xosé Luís Rivas e Baldomeiro Iglesias, profesores e cultivadores do folklore. Trátase de materiais gravados nos últimos 35 anos de informantes da Galicia rural. Tamén se dispuña no fondo do Museo dunha colección de gravacións realizadas en 1994 como resultado do proxecto interactivo museo-escola "Recupera-la tradición oral".

Despois dun laborioso proceso de dixitalización e edición das gravacións orixinais, transcripción e construción dunha base de datos, o APOI entra en funcionamento aloxado na páxina web www.apoi-mpg.org. A información ofrécese en software libre baixo a licenza Creative Commons,

na modalidade de recoñecemento (en calquera explotación da obra cómpre recoñecer a autoría) e non comercial (a explotación da obra queda limitada a usos non comerciais).

Nesta primeira fase do proxecto o Museo contou con contribucións da Consellería de Cultura e Deporte, das Fundacións Caixa Galicia e Caixanova a través da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, e mais da Deputación provincial da Coruña. Os técnicos de Sons da Vila, César Martínez e Paco Cerdeira, ocúpense da dixitalización e edición dos materiais baixo a supervisión directa de Mini Rivas e Mero Iglesias. Sergio de la Ossa, etnomusicólogo, transcribe e estuda as gravacións con contido musical, contando co asesoramento de Mária Domokos e Olga Szalay, membros do Instituto de Musicología da Academia Húngara das Ciencias. Concha Losada, patroa do Museo do Pobo Galego, é a responsable, xunto con Sergio de la Ossa e os técnicos de AmaroukStudio, Iván Valladares e Domingo Rodríguez, da arquitectura da base de datos. Felipe Seoane e Xosé Ramón Varela, físicos e socios do MPG, asesoran na elección das solucións tecnolóxicas.

NOTICIAS CON NOME PROPIO

PARABÉNS

O día 14 de maio celebrouse en Compostela o nonaxésimo quinto aniversario do patrón **Avelino Pousa Antelo**, coa presentación dun libro DVD realizado por Acuarela comunicación sll. A publicación ofrece un percorrido pola biografía e obra deste "galeguista de por vida", fortemente marcadas polo compromiso con Galicia.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 11 de xuño, o vicepresidente do Padroado, **Luciano García Alén**, foi distinguido coa Medalla Castelao en recoñecemento polos méritos que nel concorren, méritos ben coñecidos por todas as persoas que veñen seguindo a traxectoria do Museo, co que o Dr. García Alén está estreitamente vinculado desde a súa fundación.

O 16 de xuño o presidente do Padroado, **Isaac Díaz Pardo**, foi recibido como membro honorario da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Sra. do Rosario. A Academia tivo en conta a súa condición de destacado representante da arte galega

como pintor e ceramista, unida á vinculación ao longo de máis de medio século á restauración da Cerámica de Sargadelos, creador e impulsor das Cerámicas do Castro, do Laboratorio de Formas de Galicia, do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside e do Instituto Galego de Información, entre outros.

O patrón **Xosé Manuel Beiras Torrado** recibe este ano o Premio Trasalba, concedido pola Fundación Otero Pedrayo, que valorou a traxectoria vital de Xosé Manuel Beiras, "unha vida entregada xenerosamente a Galiza", salientando a súa dimensión intelectual, cívica e de pensamento.

O socio **Emilio González Fernández** foi distinguido co XV premio Lois Peña Novo en recoñecemento pola súa traxectoria profesional como psiquiatra, na que sempre utilizou a lingua galega na relación médico-paciente como vehículo de acceso a un mundo cultural no que é posible establecer un diagnóstico certo e desencadear unha terapia eficaz.

NECROLÓXICAS

Temos que lamentar o pasamento de dous socios antigos e estimados: **Manuel González Somoza**, que durante anos foi secretario da Fundación Otero Pedrayo, consagrando moitas horas de traballo e desvelos á memoria de don Ramón, e **Vicente Sotelo González**.



Cómpre dar conta do falecemento do cineasta ourensán **Eloy Lozano Coello**, responsable da montaxe e sonorización do documental de Antonio Román e Xaquín Lorenzo *O Carro e o Home*, recuperado polo Museo do Pobo Galego. Como guionista e director, Eloy Lozano foi autor da primeira curtametraxe en 35 milímetros rodada en galego, *Retorno a Tagen Ata* (1973), entre moitos outros traballos no ámbito do documental, a ficción e a publicidade.